Asociación Galega
Terra e Leite

INFORME DE ENTREGAS E PREZOS DO LEITE EN GALICIA E ESPAÑA EN XANEIRO 2022

Este documento foi elaborado pola Asociación Galega Terra e Leite, partindo da información publicada na páxina web do MAPA (Vacuno lechero. Declaraciones de entregas. Datos xaneiro 2021) e do Milk Market Observatory (Historical EU Prices of raw milk, de data 03.03.2022). Como síntese da análise dos datos que figuran neste informe, pode destacarse:

- Galicia lidera as entregas de leite en España no mes de xaneiro con 255.658 t, representando un 40,8% das entregas españolas (626.800 t). En Galicia aumentan en comparación ao mesmo mes do ano pasado un 4,80% (+11.707 t), mentres que en España medran un 2,15% (+13.215 t), debido ao menor crecemento no resto de comunidades autónomas, 0,41% (+1.507 t).
- As calidades do leite en España baixan con respecto ao mes pasado, tanto a graxa (3,86 vs. 3,91%) como a proteína (3,35 vs. 3,38%). O diferencial de Galicia co resto de comunidades no valor da graxa continúa a ser amplo (3,92% vs. 3,82%), con valores semellantes no dato da proteína (3,35%).
- O prezo medio pagado polo leite en Galicia, en xaneiro de 2022, situouse en 35,9 c/L, un incremento de 0,3 c/L (0,84%) en relación ao mes anterior, mentres que en España aumentou 0,7 c/L (1,92%), ata os 37,1 c/L. Respecto ao mesmo mes do ano pasado, o prezo medio pagado aos produtores subiu en Galicia un 8,79% (+2,9 c/L), mentres que en España fíxoo un 9,12% (+3,1 c/L). A diferenza entre o prezo medio pagado no Estado e en Galicia é de 1,2 c/L, cifra que ascendería a 2,0 c/L comparando o pagado en Galicia co prezo medio ponderado do resto de comunidades autónomas (37,9 c/L).
- A estandarización do leite en España (4,0% de graxa e 3,3% de proteína) continúa amosando un diferencial de prezos máis grande entre Galicia e o resto de comunidades autónomas que o que se observa unicamente co prezo real. A media estatal estandarizada é de 37,6 c/L, que aumenta ata 38,5 c/L se non se ten en conta a produción de Galicia, onde se sitúa o prezo en 36,1 c/L.
- Os prezos de xaneiro expresados en c/kg (36,02 en España e 34,85 en Galicia) son un 14,24% e un 17,01% inferiores, respectivamente, ao prezo medio ponderado da UE-27 (todos sen estandarizar), que se situou en 42,00 c/kg (+1,82% respecto a decembro e +20,45% respecto a xaneiro de 2020).
- As entregas de leite ecolóxico en España ascenderon no mes de xaneiro a 3.967 t (0,63% do total de entregas totais), cun prezo medio de 48,3 c/L. Destas, 1.882 t foron de produtores galegos (47,4% sobre o total nacional), representando o 0,74% das entregas totais de Galicia. O prezo medio pagado en Galicia situouse en 46,9 c/L.

Asociación Galega
Terra e Leite

1.- EVOLUCIÓN DAS ENTREGAS DE LEITE EN ESPAÑA E GALICIA

EVOLUCIÓN DE ENTREGAS DE LEITE EN ESPAÑA (t)						
	2019	2020	2021	2022	Variación entregas 2021 (%)	
					Sobre mes ano anterior	Sobre acumulado ano anterior
Xaneiro	598.765	620.982	613.586	626.800	2,15	2,15
Febreiro*	556.723	578.984	579.015			
Marzo	630.703	653.324	655.483			
Abril	620.298	636.083	641.675			
Maio	637.418	648.618	657.862			
Xuño	602.096	620.549	625.189			
Xullo	605.155	617.662	633.807			
Agosto	596.015	594.074	620.689			
Setembro	570.245	576.773	589.643			
Outubro	589.232	592.443	594.549			
Novembro	568.571	579.459	586.519			
Decembro	601.479	609.915	612.518			
TOTAL ANO	**7.176.700**	**7.328.866**	**7.410.534**			
% Variación ano anterior		**2,12**	**1,11**			

EVOLUCIÓN DE ENTREGAS DE LEITE EN GALICIA (t)						
	2019	2020	2021	2022	Variación entregas 2021 (%)	
					Sobre mes ano anterior	Sobre acumulado ano anterior
Xaneiro	232.611	240.731	243.951	255.658	4,80	4,80
Febreiro*	214.550	223.826	228.118			
Marzo	242.845	251.521	258.098			
Abril	236.773	246.065	252.842			
Maio	243.949	253.708	262.276			
Xuño	232.648	243.872	251.926			
Xullo	236.355	247.281	257.532			
Agosto	234.271	239.981	254.784			
Setembro	224.062	230.519	240.587			
Outubro	231.024	236.936	247.546			
Novembro	223.324	231.196	239.338			
Decembro	235.377	241.666	249.701			
TOTAL ANO	**2.787.789**	**2.887.303**	**2.986.699**			
% Variación ano anterior		**3,57**	**3,44**			

EVOLUCIÓN DAS ENTREGAS DE LEITE EN GALICIA, EN ESPAÑA E NO RESTO DAS COMUNIDADES AUTÓNOMAS (t)								
	2019	2020*	2021	Xaneiro 2021	Xaneiro 2022	Variación anual (%)		
						2020/2019	2021/2020	Xaneiro 22 / Xaneiro 21
Entregas Galicia	2.787.789	2.887.303	2.986.699	243.951	255.658	3,57	3,44	4,80
Entregas Resto CC AA	4.388.911	4.441.564	4.423.835	369.635	371.142	1,20	- 0,40	0,41
Entregas Total España	7.176.700	7.328.866	7.410.534	613.586	626.800	2,12	1,11	2,15
% Galicia/ España	**38,84%**	**39,40%**	**40,30%**	**39,76%**	**40,79%**			

(*) Corrixido febreiro 2020 a 28 días

Nota: datos de entregas en España sen incluír Canarias.

Asociación Galega
Terra e Leite

ENTREGAS MENSUAIS DE LEITE EN ESPAÑA (t)



ENTREGAS MENSUAIS DE LEITE EN GALICIA (t)



Asociación Galega
Terra e Leite





Asociación Galega
Terra e Leite

2.- CALIDADES DO LEITE EN ESPAÑA E GALICIA

EVOLUCIÓN DA PORCENTAXE MEDIA DE GRAXA EN ESPAÑA, GALICIA E RESTO DE CC AA EN 2021 E 2022



EVOLUCIÓN DA PORCENTAXE MEDIA DE PROTEÍNA EN ESPAÑA, GALICIA E RESTO DE CC AA EN 2021 e 2022



Asociación Galega
Terra e Leite

3.- EVOLUCIÓN DOS PREZOS DO LEITE EN ESPAÑA E GALICIA

EVOLUCIÓN DO PREZO DO LEITE EN ESPAÑA (c/litro)						
	2019	2020	2021	2022	Variación prezos 2021 (%)	
					Sobre mes anterior	Sobre mesmo mes ano anterior
Xaneiro	33,00	33,60	34,00	37,10	1,92	9,12
Febreiro	33,00	33,60	33,80			
Marzo	32,60	33,30	33,70			
Abril	32,60	33,20	33,60			
Maio	32,50	32,90	33,50			
Xuño	32,20	32,70	33,20			
Xullo	32,00	32,50	33,40			
Agosto	32,30	32,50	33,80			
Setembro	32,60	32,90	34,20			
Outubro	33,10	33,70	35,30			
Novembro	34,00	34,10	36,20			
Decembro	33,80	33,90	36,40			
MEDIA ANO	**32,81**	**33,24**	**34,26**			
% Variación ano anterior		1,32	3,06			

EVOLUCIÓN DO PREZO DO LEITE EN GALICIA (c/litro)						
	2019	2020	2021	2022	Variación prezos 2021 (%)	
					Sobre mes anterior	Sobre mesmo mes ano anterior
Xaneiro	31,70	32,60	33,00	35,90	0,84	8,79
Febreiro	31,50	32,40	32,70			
Marzo	31,30	32,30	32,90			
Abril	31,50	32,40	32,80			
Maio	31,30	32,10	32,70			
Xuño	31,10	31,90	32,50			
Xullo	30,90	31,80	32,50			
Agosto	31,00	31,60	32,70			
Setembro	31,50	32,00	33,30			
Outubro	32,10	32,70	34,20			
Novembro	32,60	32,90	35,00			
Decembro	32,70	32,90	35,60			
MEDIA ANO	**31,60**	**32,30**	**33,33**			
% Variación ano anterior		2,22	3,17			

Asociación Galega
Terra e Leite

PREZO DO LEITE PAGADO A PRODUTORES EN ESPAÑA (c/litro)



PREZO DO LEITE PAGADO A PRODUTORES EN GALICIA (c/litro)



Asociación Galega
Terra e Leite

PREZOS DO LEITE EN ESPAÑA, SEGUNDO CC AA (c/litro)



PREZOS ESTANDARIZADOS DO LEITE EN ESPAÑA (c/litro)





Nota: esta gráfica foi elaborada a partir da información publicada polo MMO a 02.02.2022. Os datos para Galicia e España proceden da información mensual publicada polo FEGA, que sirve de base para a elaboración deste documento.

4.- ENTREGAS DE LEITE ECOLÓXICO EN ESPAÑA E GALICIA